



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E TRES DE MAIO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000017

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas e cincuenta e cinco minutos do día vinte e tres de maio de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 253 de data 22 de maio/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa. Non asiste por causas xustificadas dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. Asiste a interventora municipal dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 08.05.24 (ORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 08.05.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA: REPARACIÓN PUNTUAL NOS VIAIS MUNICIPAIS EN TARAZA E BOEIRO (ADXUDICACIÓN).

“Expte.- 2023/C003/000004

Visto o expediente de contratación da obra indicada cos seguintes datos e antecedentes:

A Xunta de Goberno Local de data 23 de novembro de 2023 aprobou o expediente de contratación e comezo de adxudicación da obra: “REPARACIÓN PUNTUAL NOS VIAIS MUNICIPAIS DE TARAZA E BOEIRO”, POS + COMPLEMENTARIO 2023.-

Proxecto redactado por D. Miguel Ángel Fernández Rivera, enxeñeiro de camiños, canais e portos nº 27796. Importe total proxecto: 89.673,64 euros (IVE incluído). IVE: 15.563,19 euros, prezo sen IVE: 74.110,45 euros.

Realizada a publicación da licitación na plataforma de contratos do Estado onde se aloxa o perfil do contratante en data 17/01/2024 e presentadas as ofertas, en sesión de 4 de marzo de 2024 a Mesa de Contratación examinou a documentación administrativa requirida e

aportada, resultando finalmente que a única empresa licitadora presentou a documentación completa e correcta quedando admitida na licitación.

En data 11 de marzo de 2024 a mesa de contratación celebración sesión para a apertura e valoración dos criterios basados en xuízos de valor: 2023/C003/000004 *Reparación puntual nos viais municipais de Taraza e Boeiro*. A documentación aportada polo licitador é aportada aos técnicos para a súa correspondente avaliación:

“2.- Valoración criterios basados en juicios de valor: 2023/C003/000004 - *Reparación puntual nos viais municipais de Taraza e Boeiro*. Una vez remitida la información por el equipo técnico, éste ha valorado las proposiciones técnicas de acuerdo a los criterios del PCAP de la siguiente manera: NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.: - Esquema de plan de seguridad y salud Puntuación: 3,20 - Programa de trabajo Puntuación: 13,00 - Plan control de calidad Puntuación: 2,00 - Programa de actuación ambiental Puntuación: 6,00 TOTAL PUNTOS.....24,20”

En data 18 de marzo de 2024 a mesa de contratación celebra sesión para apertura da oferta económica contida no sobre “C”. A empresa con NIF A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A.” axústase ao anexo II e fai constar :

“4º. Prezo: Ofrece o seguinte prezo (DATOS SÓ EN NÚMEROS, NON EN LETRA): A) Prezo sen IVE: 69.600,00 euros B) Impuesto sobre o Valor Engadido (IVE): Porcentaxe: 21 % Importe 14.616,00 euros C) TOTAL (A+B): 84.216,00 EUROS” Efectúase a valoración co Programa de Valoración de ofertas económicas da Deputación da Coruña, tomando coma referencia o prezo sen IVE: 74.110,45 euros, resultando: NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A. 48% factor prezo. Valor introducido polo licitador.- 69.600,00 euros.- Baixa (%) 6,09%.- Puntuación.- 13,64

Polo que resulta unha oferta anormalmente baixa.”

“5º.- Declaración responsable de estabilidade no emprego e de mulleres traballadoras Declara

responsablemente que na data de publicación da licitación:

5.1.- O número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) de persoal é de 26 persoas e, destas, o número de persoas directamente relacionadas coa execución de obras en xeral é de 23 persoas.

5.2.- O número particular de persoas traballadoras (homes e mulleres) con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal nos últimos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na plataforma é de 26 persoas o que representa un 100,00% sobre o número global de persoas traballadoras (homes e mulleres) en persoal.” Comprobado cos pliegos a puntuación neste apartado

é de 2 puntos.

5.3.- O número particular de mulleres traballadoras con contrato fixo por tempo indefinido e a xornada completa en persoal é de 2 mulleres, o que representa un 7,69% sobre o número global de persoas traballadoras fixas en persoal. Comprobado cos pliegos a puntuación neste apartado é de 1,538 puntos.

5.4.- O número de traballadores que sexan contratados nos 12 meses anteriores á data de publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación e que procedesen de situación de desemprego cunha antigüidade mínima de 1 ano no Servizo Público de

*Emprego, é de 0, o que representa un 0,00 % sobre o persoal global da empresa.”
Comprobado cos pliegos a puntuación neste apartado é de 0 puntos.*

“Aplicable no presente contrato.

6º.- PLAN DE IGUALDADE (márquese o que proceda)

A empresa ten implantado un plan de igualdade X

A empresa non ten implantado un plan de igualdade

Aplicable no presente contrato.” Comprobado cos pliegos a puntuación neste apartado é de 2 puntos.

De conformidade co punto 15.4 do prego do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen esta contratación por procedemento aberto con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática das obras comprendidas nos plans provinciais (ofertas anormalmente baixas) e de conformidade co artigo 149.4 da Lei 9/2017 de 8 de novembro (LCSP):

“Cuando la mesa de contratación, o en su defecto el órgano de contratación hubiere identificado una o varias ofertas incursas en presunción de anomalía, deberá requerir al licitador o licitadores que las hubieren presentado dándoles un plazo suficiente para que justifiquen y desglosen razonada y detalladamente el bajo nivel de los precios, o de costes, o cualquier otro parámetro en base al cual se haya definido la anomalía de la oferta, mediante la presentación de aquella información y documentos que resulten pertinentes a estos efectos”.

A Mesa de Contración, por unanimidade dos membros presentes ACORDA:

1º REQUIRIR á empresa NIF: A15013162 JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A.

para que dentro do prazo de CINCO DÍAS HÁBILES (5) dende o percibo da notificación, xustifique a súa oferta, acompañando a documentación a que se refire o apartado 15.4.4 do prego de cláusulas administrativas que rexen a contratación. A documentación será presentada no rexistro municipal, asinaada.

2º.- A documentación xustificativa realizada polo licitado incurso en baixa, será remitida a informe dos servizos técnicos co fin de que emitan o correspondente informe sobre xustificación ou non da baixa anormal.”

En data 27/03/2024 o licitador José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. presentou xustificación da baixa temeraria en resposta ao requirimento efectuado en data 21/03/2024 sendo trasladada aos servizos técnicos municipais para a emisión do correspondente informe.

En data 22 de abril a mesa de contratación celebra sesión para dar conta do informe técnico referido á xustificación da ofertada económica presentada pola licitadora “José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A. na que se expón:

“(…)

IV. A empresa JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A., presentou unha memoria xustificativa o día 27.03.202 (núm. rex. 20249990000479), axustada de

forma xeral ao contido fixado no artigo 15.4.4 mencionado anteriormente. A continuación faise un resumo da documentación presentada, seguindo a orde de contidos establecido nos propios pregos:

1. XUSTIFICACIÓN DE PREZOS OFERTADOS:

Faise unha relación de factores favorables tidos en conta pola empresa á hora de realizar a oferta no apartado 1 "La empresa y su actividad" e "Instalaciones" da memoria, como son:

- Experiencia no sector da construción e en obra civil dende o ano 1967 e en explotación de canteiras

de áridos dende mais de 100 anos.

- Disponibilidade propia de medios propios tanto humanos como mecánicos.
- Posesión de cadro de persoal consolidado con unha antigüidade media de 20 anos.
- Disponibilidade propia de taller mecánico e instalacións de subministro de áridos e asfalto, no Concello

de Moeche (a 20 km do lugar das obras).

- Empresa inscrita no Rexistro de empresas clasificadas, no Rexistro de empresas acreditadas (REA)

no sector da construción e no Rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia (residuos

non perigosos de orixe industrial e pequeno produtor de residuos perigosos).

A. Materiais:

A.1 Compra:

- Achégase carta de compromiso de subministro de produtos bituminosos, por parte da empresa

REPSOL LUBRICANTES Y ESPECIALIDADES S.A. pero para unha obra que non se corresponde coa presente.

A.2. Medios propios e/ou materiais de produción propia:

- Canteira propia de áridos (apropiados para regos asfálticos, aglomerados bituminosos e formigóns) con licenza de explotación dende o ano 1973. Achégase cálculo do custe de produción e estimación de existencia. Achégase certificado de conformidade CE.

B. Maquinaria:

B.1 Aluguer:

- Indícase que non se alugará nin subcontratará maquinaria por ter un parque propio.

B.2 Medios propios: Incorporárase a relación detallada e ficha dos vehículos e maquinaria da empresa.. Achégase estudo do prezo/hora do custo da mesma. Achégase declaración de

amortización da totalidade da maquinaria e instalacións da empresa, salvo 3 dos 20 vehículos.

C. Oferta detallada por unidades de obra:

Achégase oferta económica das unidades de obra detallada en prezos descompostos co mesmo detalle que no PPT, sendo a baixa mais significativa a correspondente ao macadam utilizado para a unidade de obra denominada Reparación profunda de firme e Reparación de fochancas, pasando dun prezo de 9,90 €/t no PPT, a un prezo ofertado de 4,29 €/t, o que supón unha baixa do 56,7 % no prezo unitario deste material.

Mantense o prezo da ma de obra fixada do prego, así como dos porcentaxes de beneficio industrial e gastos xerais.

2. VOLUME DE OBRA EN RELACIÓN COS MEDIOS PERSOAIS E MATERIAIS:

Non se indica a incidencia nos prezos ofertados, da relación existente entre as obras contratadas e os medios persoais e materiais. Porén achégase o volume de obra executado nos exercicios dende o 2011 ao 2018, a relación de obras que a empresa ten pendente de executar con outras administracións e certificados de boa execución dun total de 5 obras similares con outras administracións.

3. RELACIÓN ENTRE CUSTOS LABORAIS FIXOS E VOLUME DE OBRA CONTRATADA:

- Achégase relación detallada do cadro de persoal da empresa.*
- Achégase relación nominal de traballadores emitida pola Tesorería General de la Seguridad Social.*
- Achégase recibo de liquidación de cotizacións emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social.*
- Achégase nómina de 8 traballadores, do mes de xaneiro do 2024.*
- Achégase declaración da obra contratada e pendente de executar, con indicación do presuposto de adxudicación.*

4. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SALARIAIS:

- Achégase declaración da empresa sobre o cumprimento das obrigas salariais con respecto aos seus traballadores.*
- Achégase informe emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social dos traballadores de alta na empresa.*
- Achégase certificado emitido pola Tesorería General de la Seguridad Social de estar ao día no cumprimento da obrigas coa Seguridade Social.*

5. RELACIÓN DE SUBCONTRATOS:

- Non se achega relación de subcontratos.*

V. Como conclusión a todo o anterior, o técnico que asina este informe entende, no seu estrito ámbito de competencias, que na documentación presentada pola empresa JOSE

NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S.A queda xustificada a oferta económica presentada, non considerándose como unha oferta economicamente desproporcionada.

Este é o meu informe que, composto de 3 follas numeradas, emito para a súa incorporación ao expediente de contratación da obra denominada: “Reparación puntual nos vias municipais de Taraza e Boeiro”.

(...)

A Mesa de contratación na sesión de data 22/04/2024 tras tomar coñecemento do informe técnico municipal referido á xustificación da oferta económica presentada pola empresa José No Mantiñán e Hijos Construcciones, S. A.

RESOLVEU:

Primeiro.- FORMULAR PROPOSTA DE ADXUICACIÓN do contrato de obra: Reparación puntual nos vias municipais de Taraza e Boeiro” POS+COMPLEMENTARIO 2023 a favor da empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A., NIF A15013162; motivado en que se considera xustificada a baixa temeraria conforme ao informe técnico emitido ao respecto e que dita empresa é a máis ventaxosa economicamente (único licitador que se presentou á licitación); previa presentación polo licitador da documentación para ser adxudicado o contrato).

Segundo.- Elevar dita proposta ante a Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación neste procedemento.”

Por conseguinte a Xunta de Goberno Local en sesión de data 25/04/2024 acordou:

“Primeiro.- Considerando que a empresa con NIF A15013162 JOSE NO MANTIÑÁN E HIJOS

CONSTRUCCIONES, S. A. presenta unha oferta na que se considera xustificada a baixa temeraria conforme ao informe técnico emitido ao respecto cun importe:

A) Prezo sen IVE: 69.600,00 euros

B) Impuesto sobre o Valor Engadido (IVA): Porcentaxe: 21 % Importe 14.616,00 euros

C) TOTAL (A+B): 84.216,00 EUROS

Requirir ao devandito licitador para que no prazo de DEZ DÍAS HÁBILES a contar dnde o

seguinte a aquel en que reciba a notificación, PRESENTE a documentación sinalada na cláusula

16.- Adxudicación do prego de cláusulas administrativas particulares que rexen a contratación,

incluída a garantía definitiva (5 % do importe de adxudicación, excluído o IVE: 3.480,00 euros) aos efectos de poder serlle adxudicada a obra Reparación puntual nos vias municipais en Taraza e Boeiro así como certificado positivo de atoparse ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria (AEAT) e coa Axencia Tributaria de Galicia (ATRIGA) en virtude da cláusula 16.1.9.

Segundo.- Notificar o presente acordo á citada entidade mercantil para o seu coñecemento e efectos.”

A empresa JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. atendeu en prazo o requirimento e tras efectuar as comprobacións pola Sra. Secretaria do Concello, de cumprimento do establecido na cláusula 16.1 do Prego, e que constituíu a garantía definitiva en data 30/04/2024 e que consta acreditado no expediente que non ter débedas con Concello, coa Seguridade Social, coa Axencia Estatal Tributaria nin coa Axencia Tributaria de Galicia.

Visto o exposto anteriormente, esta alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local a adaptación do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Declarar válidas e ratificar todas e cada unha das actuacións e dos acordos da Mesa de Contratación permanente do Concello de Valdoviño, que aparecen reflectidos no expediente de contratación, así como o reflexado nos informes e trámites realizados.

SEGUNDO.- Adxudicarlle á empresa NIF: A15013162 JOSÉ NO MANTIÑÁN E HIJOS CONSTRUCCIONES, S. A. o contrato de obra mencionado no proxecto técnico denominado: “REPARACIÓN PUNTUAL NOS VIAIS MUNICIPAIS DE TARAZA E BOEIRO”, POS + COMPLEMENTARIO 2023.- no prezo seguinte:

- a) Prezo sen IVE: 69.600,00 €
- b) Imposto sobre o valor engadido (IVE) Porcentaxe: 21 %. Importe: 14.616,00 €
- c) Total (a+b): **84.216,00 €**

e de acordo co resto das características da súa oferta que constan no expediente, motivado de ser a única oferta presentada e ao acreditarse xustificada a baixa temeraria segundo o informe técnico municipal.

TERCEIRO.- Comprometer o gasto (D) con cargo con cargo á aplicación orzamentaria 1532.61900 por importe de 84.216,00 euros.

CUARTO.- Nomear director de obra e coordinador de seguridade e saúde a don Miguel Ángel Fernández Rivera, enxeñeiro de camiños, canais e portos nº 27796.

QUINTO.- Notificar este acordo á empresa adxudicataria.

SÉTIMO.- Publicar esta adxudicación no perfil do contratante desta entidade (PCSP).

OITAVO.- Requirir ao adxudicatario para a formalización do contrato a contar dende o seguinte a aquel no que reciba a notificación da presente adxudicación.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica.

O alcalde:

Asdo.: D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/C003/000004).

3º.-EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.-

A.- Licenza de obra maior.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

Expte: 297/2023 Tedec 2023/U022/000019

.- Expte. de obras 297/2023.- [REDACTED] - Para as obras de **rehabilitación, demolición e ampliación de vivenda unifamiliar aillada** nunha parcela situada no Lugar de Pazos 52, parroquia de Lago, Concello de Valdoviño (**referencia catastral nº 000401600NJ62F0001MO**).

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico e de execución de rehabilitación, demolición e ampliación de vivenda unifamiliar aillada redactado polo arquitecto Ignacio José Pita Graña, achegado o 25/11/2023 e visado o 21/11/2023.
- Proxecto Básico e de execución modificado de rehabilitación, demolición e ampliación de vivenda unifamiliar aillada redactado polo mesmo arquitecto, achegado o 09/04/2024 e visado o 09/04/2024. Substitúe ao anterior.
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Ignacio José Pita Graña, achegado o 25/11/2023 e visado polo correspondente colexio oficial o 20/11/2023. Oficio de Dirección de Execución da obra de arquitecto técnico e Coordinador de seguridade e saúde a nome de Juan Filgueiras Peña, achegados o 09/04/2024 e visados polo correspondente colexio oficial o 28/11/2023.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA E SOLO NON URBANIZABLE**, segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello.

Segundo o proxecto presentado, a vivenda sobre a que se pretende actuar sitúase na zona da parcela clasificada como **S.N.U. DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA**.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 20/05/2024 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 20/05/2024 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] a **licenza municipal de obras para a de rehabilitación, demolición e ampliación de vivenda unifamiliar aillada** nunha parcela situada no Lugar de Pazos 52, parroquia de Lago, Concello de Valdoviño (**referencia catastral nº 000401600NJ62F0001MO**)

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Ignacio José Pita Graña e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 20 de maio de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 924,04 €, ICIO.- 4.250,61 €**

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U022/000019).

B.- Licenza de obra maior.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

Expte: 312/2023 Tedec 2023/U022/000021

.- Expte. de obras 312/2023.- [REDACTED] **-** Para as obras de **construción de vivenda unifamiliar aillada** nunha parcela situada no Lugar O Funchal, 8, parroquia de Meirás, Concello de Valdoviño (**referencia catastral nº6077805NJ6267N0001XJ**).

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar aillada redactado polo arquitecto Francisco Rodríguez Castañeda achegado o 18/12/2023.
- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar aillada (Revisións 01) redactado polo mesmo arquitecto, achegado o 08/04/2024 e que substitúe ao anterior.

- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar aillada (Revisións 02) redactado polo mesmo arquitecto, achegado o 08/04/2024 e que substitúe ao anterior.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA E SOLO NON URBANIZABLE COMÚN**, segundo as Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello.

Segundo o proxecto presentado, a vivanda que se pretende construír sitúase na zona da parcela clasificada como **SOLO URBANO DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA**.

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 20/05/2024 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 20/05/2024 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] a **licenza municipal de obras para a construción de vivenda unifamiliar aillada** nunha parcela situada no Lugar O Funchal, 8, parroquia de Meirás, Concello de Valdoviño (**referencia catastral nº6077805NJ6267N0001XJ**).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Francisco Rodríguez Castañeda e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: **CONDICIÓN DA LICENZA**) de data 20 de maio de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 902,17 €, ICIO.- 4.150,05 €**

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcadía transcrita (Expte referencia: 2023/U022/000021).

C.- Licenza de obra maior.-

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

Expte: 111/2023 Tedec 2023/U022/000006

.- Expte. de obras 111/2023.- [REDACTED] - Para as obras de **construción de vivenda unifamiliar illada (inclúe peche no linde este)**, nunha parcela situada no lugar de **Mouriscal, 6, parroquia de Pantín, Concello de Valdoviño (referencia catastral nº. 15088A036007880000HB)**,

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico de vivenda unifamiliar illada redactado polos arquitectos Adrián Martín Prieto e Elena Sarmiento Diez, achegado o 17/04/2023.
- Proxecto Básico subsanacións 2 de vivenda unifamiliar illada redactado polos mesmos arquitectos, achegado o 24/08/2023 e que substitúe ao anterior.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL ILLADA.**

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 20/05/2024 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 22/05/2024 en sentido **FAVORABLE.**

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] licenza municipal de obra para a **construción de vivenda unifamiliar illada (inclúe peche no linde este)**, nunha parcela situada no lugar de **Mouriscal, 6, parroquia de Pantín, Concello de Valdoviño (referencia catastral nº. 15088A036007880000HB)**,

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Francisco Rodríguez Castañeda e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: **CONDICIÓN DA LICENZA**) de data 20 de maio de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo folla de valoración que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 1.057,13 €, ICIO.- 4.862,81 €**

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U022/000006).

4º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás once horas e un minuto do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/